

A reforma agraria liberal: as desamortizacións

Tema 25 (Bloque 3. Economía e sociedade – Século XIX)

2º Bach. - IES Mendiño - 2024/2025

Prof. Xael Díaz Alonso



A liberalización da terra: as desamortizacións

O proceso desamortizador

- A economía española do século XIX dependía da **agricultura**.
- **A modernización do sector estaba limitada** polos factores físicos, a desigual distribución da terra e o atraso tecnolóxico.
- Seguindo o exemplo francés, a primeira peza da **transformación** agraria serán as **desamortizacións**.



O proceso desamortizador



El proceso desamortizador



O proceso desamortizador

- **Desamortizar** significaba *nacionalizar os bens da Igrexa ou dos municipios para despois ser vendidos en poxa pública*. Os ingresos irían dirixidos ao saneamento da facenda pública.
- En España houbo **tres grandes procesos desamortizadores**: primeira etapa con Godoy e Xosé I, segunda con Mendizábal e Espartero, e terceira con Madoz.



O proceso desamortizador

- A primeira etapa da desamortización:
- A primeira das desamortizacións foi realizada por **Godoy en 1798**, afectando só aos *bens da Igrexa*.
- Seguíronlle as adoptadas por **Xosé I en 1809** sobre *bens do clero regular e da aristocracia* enfrontada con el.
- As **Cortes de Cádiz, en 1813**, aprobaron outra nun decreto que non foi aplicado ata o Trienio Liberal.



O proceso desamortizador

- A **segunda etapa** iniciouse coas reformas do ministro Mendizábal en 1836, e prolongouse con Espartero, ata o ano 1844.
- A ***desamortización de Mendizábal*** afectou aos *bens do clero regular* e, despois, tamén aos do *clero secular* (vendeuse case o 60% das propiedades da Igrexa). O obxectivo era sanear a Facenda e crear un grupo de propietarios pro-liberais.



El proceso desamortizador




O proceso desamortizador


- A **terceira etapa** deste proceso produciuse no ano 1855, coa lei de desamortización do ministro de Facenda, Pascual Madoz (a coñecida como “***lei Madoz***”).
- Nesta ocasión *afectou tanto aos bens da Igrexa como aos municipais e comunais*. A venda prolongouse ata a etapa da Restauración, aínda que a maioría foi na época isabelina.



El proceso desamortizador



El proceso desamortizador



Desamortización eclesiástica y civil (en millones de reales de vellón)



As consecuencias das desamortizacións

As consecuencias das desamortizacións

- **Os compradores foron xente adiñeirada** da aristocracia ou burgueses enriquecidos. *A nobreza consolidou o seu patrimonio* e, aínda perdendo dereitos señoriais, *conseguiu a propiedade* das terras.
- **Incrementou o número de grandes terratenentes**, pero non se modificou o tamaño da propiedade nin se modernizaron as técnicas.



As consecuencias das desamortizacións

- Os grandes perdedores foron os **campesiños**, a **Igrexa** e os **municipios** por distintas razóns.
- Os *campesiños pasaron a pagar rendas máis elevadas*, nunha relación económica capitalista; a *Igrexa perdeu a maior parte do seu patrimonio*; e os *municipios perderon a súa principal fonte de ingresos*.



As consecuencias das desamortizacións

- **Permitiu poñer en explotación moitas terras abandonadas**, algo necesario polo crecemento demográfico. Así resolveuse o problema da carestía de alimentos.
- Estas consecuencias explican o ***apoio ao carlismo no mundo rural e entre o clero***; os liberais quedaban identificados como os ricos, inimigos da tradición.





Os efectos sobre a produción e a produtividade

Os efectos sobre a produción

- Coas desamortización **cambiaron de dono** máis de 10 millóns de hectáreas, *a metade do terreo cultivable de España*. Sen embargo, isto apenas supuxo unha mellora nos rendementos agrícolas.
- Influíron no mínimo crecemento a *supresións de décimo, morgados e Mesta*, *a mellora nas comunicacións e o crecemento demográfico*.



Os efectos sobre a produción

- O crecemento da produción foi **escaso ata finais do século XIX**, cando comezou a aumentar a produtividade (sobre todo do trigo, e tamén millo e diversas froitas).
- A estrutura produtiva da **agricultura española apenas se modificou**, ocupando case todo o terreo a tríade mediterránea e as leguminosas.





Debate sobre a reforma agrária

Unha falsa reforma agraria?

- O conxunto de leis desamortizadoras foi chamado “**reforma agraria liberal**” por alterar a distribución da terra, poñer en circulación terras para o cultivo e por ser levadas a cabo por gobernos liberais.
- Sen embargo, esta lexislación entendeuse **máis como unha reforma fiscal** que como unha auténtica reforma agraria.



Unha falsa reforma agraria?

- A desamortización favoreceu ás clases media e alta, **perxudicando aos campesiños pobres.**
- Vendéronse bens desamortizados **sen criterios distributivos**, senón da forma máis rápida para conseguir ingresos e atraer aos compradores á causa liberal. Non é, polo tanto, unha reforma agraria real, aínda que se redistribuíra a propiedade da terra.





Agricoltura e crecimiento económico

Agricultura e crecemento económico

- A agricultura era menos dinámica en España ca noutros países. Dobrouse a superficie cultivada, pero mantívose o **baixo rendemento**.
- Na agricultura traballaba o 65% da poboación, e mantivéronse uns **niveis de consumo e produtividade moi baixos**. Este estancamento foi causa do atraso da economía española.



Agricultura e crecemento económico

- A produción non medrou debido ao ***atraso técnico, á reducida poboación urbana e á mala dieta.***
- Pasouse a importar cereais, xa que ***a produción nacional non abondaba.***
- A agricultura ***non foi motor de arrastre*** da demanda de produtos industriais e ***non achegou capitais*** de forma notable.



An aerial photograph of a vast, lush green field, likely a crop field, with rows of plants stretching towards the horizon. The text "Ánimo co estudo!" is overlaid in a white, cursive font with a black shadow.

Ánimo co estudo!